



Resolución de concesión directa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables, dentro do programa denominado bono social térmico, no exercicio 2022

ANTECEDENTES

Primeiro. O Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores, creou un programa de concesión directa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en personas consumidoras vulnerables, no que respecta á enerxía destinada á calefacción, auga quente sanitaria ou cociña, denominado Bono Social Térmico.

A axuda a conceder ten como finalidade compensar gastos necesarios para garantir o subministro de enerxía para usos térmicos ou o apoio a actuación de aforro ou melloras da eficiencia enerxética aos consumidores vulnerables.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos e privados da que puideran beneficiarse as persoas destinatarias da axuda, así como coa percepción do Bono Social de Electricidade.

O Bono Social Térmico financiarase con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado e o outorgamento destas axudas estará condicionado á existencia de dispoñibilidade orzamentaria e, en todo caso, ao límite de dispoñibilidade orzamentaria fixado na Lei de orzamentos xerais do Estado.

En cada exercicio serán persoas beneficiarias aquelas consumidoras que sexan beneficiarias do Bono Social de Electricidade a 31 de decembro do ano anterior.

Segundo. En virtude da Sentenza 134/2020, do 23 de setembro de 2020, do Tribunal Constitucional, que estima parcialmente o recurso de inconstitucionalidade número 4178-2019, interposto polo Goberno Vasco en relación a diversos preceptos do referido Real decreto-lei 15/2018, do 5 de outubro, decláranse inconstitucionais e nulos os incisos "mediante la concesión de un pago único anual" do número 1 do artigo 9 referido aos criterios de distribución da axuda do bono entre as persoas beneficiarias; "junto con la información de los beneficiarios y los importes que les corresponden de acuerdo con lo previsto en los apartados anteriores" e "a partir de la información a que hace referencia el artículo 11" do número 2; e o inciso "durante el primer trimestre del año" do número 3 do artigo 10 referido ao procedemento para a determinación e o pago do importe da axuda. Así mesmo, declarase inconstitucional a disposición adicional novena e a disposición final terceira do dito Real Decreto-lei 15/2018, do 5 de outubro, desestimando o recurso en todo o demais.

Terceiro. De conformidade co exposto, a xestión e o pago das axudas correspóndelle ás comunidades autónomas e ás cidades con estatuto de autonomía.

Aos efectos, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico calcula a distribución territorial do orzamento e transfire os importes ás administracións competentes para o seu pagamento, concretamente en virtude das Resolucións da Secretaría de Estado de Enerxía, de datas 21 de novembro de 2022 e 21 de decembro de 2022, polas que se autoriza a transferencia





de crédito á Xunta de Galicia en concepto do Bono Social Térmico e de incremento do dito Bono para o ano 2022.

A concesión destas axudas a través desta resolución ven determinada no ámbito autonómico pola distribución competencial establecida no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia para facer fronte a súa xestión e á recepción dos fondos do Estado destinados ao seu pagamento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. De conformidade co Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, correspóndelle a este órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo entre outras as políticas de benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, na forma establecida no dito decreto e a través do seu órgano de dirección a Dirección Xeral de Inclusión Social.

No exercicio de ditas competencias a Consellería asumirá a concesión e pagamento das axudas outorgadas en concepto do Bono Social Térmico regulado no Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores, financiado con Fondos do Estado, con cargo ao orzamento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico correspondente ao exercicio 2022, mediante a transferencia de crédito autorizada por Resolucións da Secretaría de Estado de Enerxía, de datas 21 de novembro de 2022 e 21 de decembro de 2022.

Segundo. A concesión destas axudas realízase de forma directa de conformidade co establecido no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos artigos 19.4 b) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 39 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao vir impostas por unha norma con rango legal.

En todo caso, garántese a posibilidade de renunciar á axuda por parte dos/das beneficiarios/as que así o soliciten.

Visto o Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e de conformidade coas competencias que me atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Primeiro. *Procedemento*

O procedemento de concesión das axudas será o de concesión directa, conforme ao previsto no artigo 22.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e os artigos 19.4b) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. *Obxecto e finalidade da axuda concedida*





1. Esta resolución ten por obxecto a concesión directa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en persoas consumidoras vulnerables, dentro do programa denominado Bono Social Térmico no ano 2022, sendo destinatarias as persoas consumidoras que sexan beneficiarias do Bono Social de Electricidade, previsto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o 31 de decembro do ano 2021.

2. A axuda ten como finalidade compensar os gastos necesarios para garantir o subministro de enerxía para usos térmicos ou o apoio a actuacións de apoio ou melloras da eficiencia enerxética ás persoas consumidoras vulnerables.

Terceiro. Compatibilidade con outras modalidades de axudas

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, das que puidesen beneficiarse as persoas destinatarias da axuda. Así mesmo, será compatible coa percepción do Bono Social de Electricidade.

Cuarto. Crédito orzamentario

Estas axudas dentro do programa denominado Bono Social Térmico no ano 2022 faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.312A.480.6, polo importe de 30.537.765,26 euros.

Quinto. Contía da axuda

A contía da axuda que percibirá cada persoa beneficiaria determinarase atendendo ao seu grao de vulnerabilidade, segundo o define a norma reguladora do bono social eléctrico, así como á zona climática en que se localice a vivenda na que se atope empadroadada, de conformidade coa metodoloxía indicada no artigo 3 do Real decreto-lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)", que modifica o apartado 3 do anexo I polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da contía da axuda do Bono Social Térmico do Real decreto-lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores, así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola sequía, que modifica, para o ano 2022, a establecida no anexo I do Real decreto-lei 15/2018, do 5 de outubro de 2019, e incrementa as contías das axudas, sempre dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

Sexto. Persoas beneficiarias

1. De acordo co artigo 8 do Real decreto-lei 15/2018, do 5 de outubro, en cada exercicio serán persoas beneficiarias do Bono Social Térmico aquelas persoas consumidoras que sexan beneficiarias do Bono Social de Electricidade previsto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, o 31 de decembro do ano anterior.

Para o exercicio 2022 serán persoas beneficiarias setenta e catro mil catrocentas vinte e oito persoas, que son as consumidoras beneficiarias do Bono Social de Electricidade previsto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o 31 de decembro do ano 2021.

Sétimo. Comprobación de datos





Para a tramitación desta axuda consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas excepto que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

a) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (NIE) da persoa beneficiaria.

b) Certificado de defunción.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no apartado correspondente habilitado no formulario incluído na carta informativa que se lle remitirá ao seu domicilio e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Oitavo. *Publicación*

1. A relación de persoas beneficiarias publicarase no enderezo <https://politicassocial.xunta.gal/gl/areas/inclusion-social/axudas-e-prestacions/bono-social-termico>, con indicación das ditas persoas beneficiarias coa documentación completa e as que teñan que comunicar determinados datos para poder cobrar a axuda. A publicación realizarase de conformidade coas garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Publicada a relación de persoas beneficiarias, de xeito complementario, faráselles unha comunicación por correo postal individualizado, onde se lles informará da concesión da axuda, do seu importe, da posibilidade de modificar os seus datos, así como de renunciar á dita axuda.

3. As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez días dende o día seguinte á publicación da listaxe para achegar, completar ou modificar, se fose requirida ou segundo proceda, a seguinte documentación:

a) Certificación bancaria acreditativa da titularidade da conta da persoa beneficiaria.

b) Documento de identidade (NIF ou NIE) da persoa beneficiaria.

4. No suposto de que unha persoa considere que cumpre os requisitos para ser beneficiaria da axuda e non figure na lista publicada nin recibira a comunicación no seu domicilio, poderá presentar o correspondente recurso ao abeiro do disposto no número décimo sexto acompañado da seguinte documentación:

a) Copia da factura de electricidade do mes de decembro do ano anterior a axuda na que figure o desconto do Bono Social Eléctrico a 31 de decembro do 2021 ou acreditación do cumprimento de tal requisito expedida pola entidade comercializadora.

b) Copia do seu documento de identidade (NIF ou NIE).

c) Certificado da súa conta bancaria.





Noveno. *Renuncia*

1. As persoas beneficiarias disporán dun prazo de 10 días desde a publicación da listaxe para renunciar á axuda concedida, se así o quixesen, advertíndolles de que, transcorrido devandito prazo sen renunciar, entenderase que a axuda foi aceptada.

2. A renuncia ao Bono Social Térmico realizarase a través do formulario que figura na carta informativa que lle se lle remitirá á persoa beneficiaria vía postal, estará dispoñible na seguinte dirección electrónica: bonosocialtermico@xunta.gal

Décimo. *Modo de presentar a documentación e información*

1. A persoa beneficiaria poderá comunicar a renuncia, consultar e corrixir os datos, ou comunicar os datos pendentes a través dun dos seguintes medios:

a) Accedendo ao formulario electrónico a través do seguinte enlace: <https://bonosocialtermico.xunta.gal>, no que debe indicar o DNI e o código de referencia que se lle comunicará individualmente por correo postal. Se non se dispón dos medios necesarios, pode acudir aos puntos de acceso público, a internet ou aos servizos sociais do respectivo concello.

b) Presentando escrito, segundo o modelo que se lle comunicou individualmente, dirixido á Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social e Xuventude, a través do procedemento PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitud-xenerica>), ou de forma presencial en calquera dos lugares ou rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Para obter máis información sobre o bono térmico, pode acceder ao enderezo <https://politicasocial.xunta.gal/gl/areas/inclusion-social/axudas-e-prestacions/bono-social-termico>, ou chamar aos teléfonos que se lle facilitarán na páxina Web e na carta informativa.

Décimo primeiro. *Pagamento da axuda*

Para proceder ao pagamento da axuda, na comunicación individualizada indicaranse os últimos díxitos do número de conta bancaria facilitado pola comercializadora, que deberán ser comprobados pola persoa beneficiaria. No caso de que non coincidan ou se desexa recibir a axuda noutra conta, da que deberá figurar como titular, presentará a documentación xustificativa segundo o indicado no apartado oitavo.

Décimo segundo. *Control e verificación*

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta resolución estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas polo que as persoas beneficiarias quedan obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida por estes no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Décimo terceiro. *Reintegro das axudas*





1. Conforme ao establecido no artigo 40.1 .g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, procederá o reintegro da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

2. Tamén procederá a devolución da axuda no suposto de que se aboara por duplicado polo procedemento de pago indebido.

Décimo cuarto. *Transparencia e bo goberno*

En virtude da situación de vulnerabilidade das persoas destinatarias destas axudas, de conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Consellería de Política Social e Xuventude non publicará a relación das persoas beneficiarias nin o importe da axuda concedida.

Décimo quinto. *Protección de datos de carácter persoal*

Os datos persoais que se faciliten para a xestión do Bono Social Térmico serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través desta resolución que comprende verificar datos e documentos relacionados para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Décimo sexto. *Impugnación*

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Política Social e Xuventude, no prazo dun mes contado desde





o día seguinte ao da súa notificación, segundo se establece no número oitavo, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

A conselleira de Política Social e Xuventude

Fabiola García Martínez

